

# A DETURPACIÓN DA TOPONIMIA GALEGA DO EO-NAVIA

XOSÉ-HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ  
Universidade de Vigo

## RESUMO

No territorio asturiano do Eo-Navia estase efectuando un proceso acelerado de dobre substitución lingüística e cultural. Á imposición histórica do español únese agora a imposición política de usos lingüísticos e culturais da Asturias central. Iso ten un forte impacto na toponimia desta zona, e os topónimos galegos autóctonos están a ser deturpados. Coa nova lexislación, as autoridades lingüísticas e culturais galegas, así coma a Xunta de Galicia, poderían axudar á restauración das formas toponímicas auténticas e autóctonas.

## ABSTRACT

“The misrepresentation of Éo-Navia Galician Toponymy”

In the Asturian region of Eo-Navia an accelerated double process of linguistic and cultural substitution is taking place. The historical imposition of the Spanish language is joined to the political imposition of linguistic and cultural Central Asturian uses. This has a strong impact on the toponymy of this area, as the autochthonous Galician place names are being altered. With the new legislation, the Galician linguistic and cultural authorities and regional Government could help restore the authentic and native place names.

## PALABRAS CHAVE

Toponimia, onomástica, lexislación lingüística, substitución lingüística.


## KEY WORDS

Toponymy, onomastics, linguistic legislation, language shift.

### 1. *Limiar*

Se analizamos a toponimia dos concellos asturianos situados entre os ríos Eo e Navia, podemos recoñecer doadamente moitísimos topónimos que nos son familiares por galegos ou por portugueses do norte. *Boiro* haino en *Ibias*, *Ferrol* en *Castropol*, *Xinzo* en *Tapia*, *Paramios* na *Veiga*, *A Lama* en *Taramundi*, *Vilameá* en *San Martín de Ozcos* e mesmo hai dous *Hío*, un en *San Martín* e outro en *Pezós*. Ata hai un río *Valcarce* en *Ibias* distinto do río *Valcarce* que se une ao *Burbia* en *Vilafranca do Bierzo*. En terras onde se fala a mesma lingua o habitual é a repetición formal de moitos topónimos: *Mourelle*, *Pacios*, *A Grova*, *Salgueira*, *Outeiro*, *Barreiros*, *Xestoso*, *Santalla*, *Ferreira*, *Quintela*, *Vilela*, *Valiñas*, *Vilarello*, *Penouta*, *Sestelo* etc.

Así e todo, ao contrario da Galicia administrativa, onde desde 1983 a toponimia ten como forma única a galega (Lei de Normalización Lingüística, art. 10), nos territorios de lingua e cultura galegas arraianas polo leste asistimos, por parte da maioría da oficialidade, a uns usos toponímicos absolutamente deturpadores e aberrantes, herdeiros do máis escuro e ignorante centralismo.



**Mapa 1**

Territorios de lingua autóctona galega (elaboración propia)

## 2. A legalidade toponímica no galego estremeiro e valego

### 2.1. Castela-León

En Castela e León o galego está recoñecido no Estatuto de Autonomía de 1999 (Lei orgánica 4/83), concretamente no seu art. 4.2., onde se di que: “Gozarán de respeto y protección la *lengua gallega* y las modalidades lingüísticas en los lugares en que habitualmente se utilicen”.

Pero o art. 24.1 da Lei 1/98, de 4 de xuño, de réxime local de Castela-León, en relación coa toponimia oficial dispón que “la denominación de los municipios habrá de ser en lengua castellana”.

Se se recoñece a existencia do galego, deberíanse respectar as formas toponímicas das zonas onde se fala, e máxime cando o art. 10.2.g) da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (CELRM) documento asinado e ratificado por España, e que forma parte do bloque de constitucionalidade da lexislación española, di literalmente que:

As partes comprométense ao emprego ou adopción, no seu caso conxuntamente coa denominación na lingua oficial, das formas tradicionais e correctas da toponimia nas linguas rexionais ou minoritarias.

O rango lexislativo desta CELRM é, por suposto, moi superior a calquera norma ou disposición autonómica. Porén, agás o deputado socialista e académico correspondente da RAG Felipe Lubián, ninguén no Parlamento de Castela-León está disposto a defender que *Barxas* poida ser Barxas e non *Barjas* (castelán *Bárcenas*), *A Teixeira* poida ser A Teixeira e non *La Tejera* etc. Repárese que a deturpación toponímica é incoherente; trádúcese algúns topónimos máis ou menos transparentes (*Villa de Canes*, *Herrería*, *Villar de Acero* etc., por *Vila de Cais*, *Ferrería*, *Vilar de Aceiro* etc.), adáptanse outros (*Quilós*, *Barjas*, *Borrenes*, *Veguellina* etc., por *Quilous*, *Barxas*, *Borrés*, *A Veigueliña* etc.), pero a maioría conservan a súa forma tradicional galega inalterada:

*Porto, Pías, Sobrado, Vilela, Valouta* etc. Se Castela-León fose coherente co art. 24.1 da Lei 1/98 de réxime local debería impor en castelán tamén estes topónimos e así sairían cousas como *\*Puerto, \*Pilas, \*Alcornocal, \*Villilla, \*Vallota* etc.

## 2.2. Estremadura

Máis indefensa está aínda a toponimia dos tres concellos cacereños de lingua histórica galega. No Estatuto de Autonomía de Estremadura nada se di verbo do respecto ou recoñecemento doutras realidades lingüísticas distintas do castelán, enténdase o galego do Val do Ellas e o portugués de varios concellos fronteirizos. Unicamente en 2000 houbo unha declaración da “Fala” (*sic*) como Ben de Interese Cultural, sen que isto supoña na práctica nada de nada. A Junta cala ante a demanda de oficialidade toponímica bilingüe. A nivel local, Valverde ten toda a toponimia “urbana” e municipal en aparente castelán (*Calle Levadiña, Calle del Forno* etc), San Martiño de Trebello todo bilingüe e As Ellas todo monolingüe en lagarteiro ou galego das Ellas.

No informe elaborado en 2004 pola Comisión de expertos do Consello de Europa sobre a aplicación en España da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* (CELRM) o galego de Estremadura non aparecía por ningures, mentres que si se citaban os casos dos galegos de Asturias e de Castela-León. Por iso dicíamos que estaba menos protexido, porque nin sequera os expertos do Consello de Europa sabían da súa existencia. No novo informe elaborado en 2008 xa se recoñece a existencia deste enclave galegófono en Estremadura, a instancias da Secretaría Xeral de Política Lingüística e de organizacións cívicas como a Mesa pola Normalización Lingüística, que foron quen informaron da súa existencia aos expertos europeos. Neste novo informe reclámaselles ás autoridades españolas e extremeñas que dean noticias sobre a aplicación da CELRM neste enclave.

### 3. A situación toponímica en Asturias

#### 3.1. Disposicións legais

A diferenza de Castela-León ou Estremadura, onde o galego continúa padecendo en distinto grao a presión lingüística histórica do castelán, en Asturias o galego vive hoxe unha dobre imposición: a histórica do castelán e a máis recente dun emerxente asturiano.

O vixente Estatuto Autonomía de Asturias de 1983 nada di da existencia do galego, e si unicamente do “bable”, especificando no seu artigo 10.1.15 que este gozará de “fomento y protección en todas as súas variantes”. Enténdese no Estatuto asturiano que o galego de Asturias é simple variante do “bable” ou nin sequera se considera a súa existencia ?

Na Lei 1/1998 de 23 de marzo, de uso e promoción do Bable/Asturiano, dise no seu artigo 2º e nunha disposición adicional especifícase que todo o que se lle aplique ao bable/asturiano tamén lle será aplicado ao gallego/asturiano nas zonas onde é modalidade lingüística propia<sup>1</sup>, sen que ninguén aclare por agora cales son esas zonas, quizais porque interesa a indefinición.

Nesta mesma lei, o art. 15 referíase á toponimia do seguinte xeito:

Los topónimos de la Comunidad Autónoma del Principado de Asturias *tendrán la denominación oficial en su forma tradicional*. Cuando un topónimo tenga uso generalizado en su forma tradicional y en castellano, la denominación podrá ser bilingüe.

---

<sup>1</sup> Art. 2.1: “El régimen de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido en esta Ley para el bable/asturiano se extenderá, mediante regulación especial al gallego-asturiano en las zonas en las que tiene carácter de modalidad lingüística propia.”

Disp. Adicional: “El gallego-asturiano tendrá un tratamiento similar al asturiano en lo que se refiere a protección, respeto, enseñanza, uso y tutela en su ámbito territorial.”

De acuerdo con los procedimientos que reglamentariamente se determinen, corresponde al Consejo de Gobierno, previo *dictamen de la Junta de Toponimia del Principado* de Asturias, y sin perjuicio de las competencias municipales y estatales, determinar los topónimos de la Comunidad Autónoma.

Porén, a pesar desta fermosa declaración de boas intencións, a realidade é teimosa e demostra con feitos unha e outra vez que, polo menos desde 1986, vén tendo lugar no Eo-Navia unha belixerante campaña da clase política e académica asturiana (con algunhas excepcións) contra todo o que soe a galego no occidente asturiano: cursos só de lingua asturiana en territorio galegófono; cursos de verán anuais de asturiano da Academia de la Llingua Asturiana en Ibias, en territorio galegófono; forte apoio institucional, económico e mediático a asociacións socioculturais pro-asturianistas e antigalegas como Xeira; introdución da gaita asturiana en lugar da tradicional da zona, a galega; protestas reiteradas pola recepción da TVG en todo o occidente astur; cubrición do sinal da TVG en todo o Eo-Navia co sinal da nova TV autonómica asturiana etc. As acusacións de “inixerencia de Galicia en terra asturiana” ou “imperialismo galego” ante calquera actividade, declaración ou mobilización pola lingua están á orde do día na prensa asturiana e na boca dos líderes políticos de todos os partidos, maiormente os asturianistas.

Na zona lingüística e culturalmente galega do occidente de Asturias estase operando un fenómeno de transculturización acelerada. A lingua que se quere potenciar -minimamente-, desde os poderes políticos, mediáticos e académicos non é o autóctono galego eonaviego, senón o asturiano estándar ou, en moita menor medida, un galego eonaviego vulgarizante ortografado segundo as directrices da ALLA e da Consejería de Cultura.


Desde os gobernos galegos nunca se lle prestou demasiada atención a este glotoculturicidio aplicando a máxima da “non inixerencia” nas competencias doutras comunidades autónomas. O caso máis sangrante foi o do último presidente de Galicia, Pérez Touriño, quen reiteradamente excluiu este tema da

axenda de conversas que frecuentemente mantivo ao longo destes últimos anos co seu homólogo asturiano, Álvarez Areces.

Os medios de comunicación galegos tampouco se fixeron nunca moito eco desta realidade, por iso a opinión pública galega viviu allea a ela, e unicamente unha produtora madrileña (Pascana Films) realizou dúas reportaxes: *Fronteiras* e *A terceira póla*, ambas as dúas dirixidas por Rubén Pardiñas, que recibiron duras críticas desde os medios e os partidos asturianos.

### 3.2. As variedades galegas no Eo-Navia e a súa consideración social

En xeral, son galegas as falas que quedan ao occidente dunha liña imaxinaria que inclúe aquelas que non ditongan os Ö, Ę tónicos latinos (*pedra, vella, nova, corno*), onde se produciu a caída do -N- latino (*ter, corazois, chea*), onde teñen o pronome persoal *eu* e distinguen *chel/te*, onde teñen formas verbais como *teño, teña, veño, veña, cantaches, colliches, durmiches, cantei(n), collín, durmín, dixen, houben...* e outros moitos trazos máis, pero dentro desta grande área do Eo-Navia fálanse tres modalidades lingüísticas galegas (V. mapa 2):



Mapa 2

Variedades lingüísticas galegas en Asturias: en gris forte (A) as falas de tipo *taramundés*, cun grao de identidade estrutural co

galego oriental do 100%; en gris claro (B) as falas de tipo *asturnegueirés*, cunha proximidade do 92%; en branco (C) as falas de tipo naviego, cunha coincidencia do 85%; en gris escuro (D) falas galegas de transición ao asturiano occidental (elaboración a partir dos datos de Babarro 2003 recollidos posteriormente en Asociación Abertal 2007:49-64)

- a) A empregada en Santiso de Abres e Taramundi, e nos lugares da Trapa (Santalla) e Os Coutos e Valdeferreiros (Ibias), galego oriental normal que Abertal (2007: 57-64) denomina “de tipo taramundés”.
- b) A usada nos concellos de Castropol, A Veiga, Tapia, Eilao, Vilanova, Santalla, San Martín, Pezós, Grandas e Ibias, mais tamén no concello lugués de Negueira de Muñiz e nos lugares de Porto de Baxo (Ribadeo), Pántaras (A Fonsagrada) e A Peliceira (Navia de Suarna), con presenza do artigo masculino *el*, conservación do -L- intervocálico etc: *ela non mole nese tou molín*. Abertal denomínaas “falas de tipo asturnegueirés”.
- c) A da Caridá (El Franco), Coaña, Boal, Allande, Navia e Villallón, que é un tipo de galego oriental con algúns trazos característicos do asturiano: palatalización do L-, evolución de -LL- > ll, fundamentalmente: *ella levou el lleite da mai*. Abertal chámalles “falas baixonaviegas”.

Ata hai moi pouco, toda a iberorromanística recoñecía sen dudar que estas falas eran galegas, pero nos últimos dez anos a oficialidade lingüística e cultural de Asturias deu en afirmar con argumentos extralingüísticos que son outra cousa. A actual presidenta da ALLA recoñecía en publicacións dos anos 80 que o falado entre o Eo e o Navia era unha variedade do galego de Lugo (Cano González 1980: 43-44, 1987: 151-152). Vinte anos máis tarde, a ALLA, a súa presidenta e a oficialidade mediática e política asturianas manteñen que as falas usadas entre Navia e



Eo son un *continuum* lingüístico entre galego e asturiano que conforma unha nova lingua (Cano González 1992: 652; ALLA 2006), por suposto unha nova lingua asturiana, pola razón de que os seus falantes son asturianos, e, xa que logo, unha nova lingua tutelada pola Academia de la Llingua Asturiana. Deste xeito, no seo da ALLA funciona nominalmente unha Secretaría Llingüística para el Navia-Eo. Este é o único caso no mundo en que unha academia tutela dúas linguas. E o sorprendente é que a ALLA e o Parlamento asturiano lle chamen a esa nova lingua “Fala”, de maneira que para toda a nomenclatura oficial en Asturias fálanse a “lingua asturiana” e a “fala”<sup>2</sup>, agora xa nin o invento legalizado de “gallego-asturiano”. É decer, segundo as autoridades asturianas, en Asturias hai castelanfalantes, asturianofalantes e “falofalantes”.

Se o chamado en Asturias “gallego-asturiano” ou “fala” fose unha nova lingua, entón poderíamos doadamente deducir que Asturias sería tetralingüe (galego –en Santiso de Abres, Taramundi e outros puntos-, galego-asturiano –no resto do Eo-Navia-, asturiano e castelán) e Galicia sería trilingüe (galego, castelán e galego-asturiano en Negueira de Muñiz e puntos de Ribadeo, A Fonsagrada e Navia de Suarna).

Mais, independentemente de como lle chamen, do glotónimo, o fundamental é que non se toman medidas para a normalización lingüística no Eo-Navia, senón que o que se pretende é asturianizar ou adormecer o problema. Hai moitos centros de ensino do Eo-Navia onde non se imparte “gallego-asturiano”

---

<sup>2</sup> O 15 de decembro de 2005 o Parlamento de Asturias aprobaba por unanimidade unha moción pola cal se recoñecía a *asturianía incuestionable* da “Fala” (sic), cando na lexislación do Principado só se fala de “gallego-asturiano”, con guión, ou “gallego/asturiano”, con barra, ao lado do “bable/asturiano”. Son asturianas tanto a “llingua asturiana” coma a “fala”. A consideración dunha como *llingua* e da outra como *fala* xa expresa ben ás claras a consideración social das dúas que teñen os dirixentes políticos asturianos: unha é unha lingua de verdade, e amais é a asturiana por antonomasia, a outra é unha fala, un resquicio folclórico pouco serio.

porque non se ofrece, e mesmo hai algúns onde o que se imparte desde hai varios anos é asturiano puro no estándar central<sup>3</sup>.

### 3.3. Estandarizar a lingua para normalizar a toponimia

O galego desta zona presenta unhas características lingüísticas moi especiais que farían recomendable que, dadas as condicións sociolingüísticas, polo menos transitoriamente funcionase unha norma con concesións dialectais.

Así, en 1990 a MDGA publicou as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, unha adaptación das normas da RAG-ILG de 1980 ás particularidades lingüísticas e sociais do galego en Asturias. Os autores eran coñecidos: Antón Meilán, Antón Santamarina, Xoán Babarro, Benigno Fernández Braña, Francisco Fernández Rei etc., é decer, consumados especialistas en dialectoloxía e estandardoloxía galegas e falantes formados e conscientes de galego eonaviego.

Tres anos máis tarde da publicación das *Normas da MDGA*, en 1993, reaccionou o Principado e publicou unha *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego-asturiano*, editada polo Serviciu de Publicaciones del Principau. Non se sabe quen foron os expertos aos que recorreu o Principado, pero o evidente é que esta *Proposta* é un calco das *Normas da MDGA* con concesións á vulgaridade e interferencias forzadas da norma do asturiano. Vexamos as (mínimas) diferenzas no seguinte texto:

Texto na *Norma* elaborada pola MDGA:

FV,JA: *Notas etnolingüísticas del concello da Veiga*. Xeira Laboría, 2, A Caridá, 1997, 108 páxinas [con ilustracións de X.]

---

<sup>3</sup> O 2 de xuño de 2006 en toda a prensa asturiana a Asociación Xeira denunciaba a precariedade da escolarización en “gallego-asturiano”, manifestando que eran moi poucos os centros de ensino onde se impartía e que mesmo había centros, como o de Luíña-Ibias, onde o que se viña impartindo ano tras ano era asturiano central estándar.

JAFV, *catedrático de Lingua e Literatura Españolas nel Instituto Xovellanos de Xixón dende hai xa ben de cursos, doctorouse en novembro de 1996 na Universidá de Uvieu cuha tese que estudiaba a fala da Veiga e el sou concello. Era el resultado de ben de anos recolendo material oral e falando con xente vella de todos os sitios del concello. El estudio da fala e el léxico, publicados entrambos e dous aspectos nos libros El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo) (1997) e Vocabulario da Veiga (1998), completábase na tese cuhas notas etnolingüísticas sobre A Veiga que son as que agora amañan este volume. El ser humano, as súas edificacióis, as súas ferramentas, a labranza, a pescas, el ferro, a madeira, os nomes cos que se describe el tempo, os animales, a comida, as festas... todo contado dende A Veiga e con un xeito e uha precisión que namáis dan os anos de traballo e dedicación que el autor leva ás costas.*

Texto na Proposta do Principado (Consejería de Cultura):

FV, JA: *Notas etnolingüísticas del conceyo da Veiga*. Xeira Llaboría, 2, A Caridá, 1997, 108 páxinas [con ilustracióis de X.]

JAFV, *catedrático de Lingua y Literatura Españolas nel Instituto Xovellanos de Xixón dende hai xa dellos cursos, doctorouse en novembro de 1996 na Universidá d' Uviéu con úa tesis qu' estudiaba a fala da Veiga y el sou conceyo. Era el resultado de ben d' anos recoyendo material oral y falando con xente veya de todos os sitios del conceyo. El estudio da fala y el léxico, publicaos entrambos y dous aspectos nos libros El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo) (1997) y Vocabulario da Veiga (1998), completábase na tesis con úas notas etnolingüísticas sobre A Veiga que son as qu' agora amañan este volume. El ser humano, as súas edificacióis, as súas ferramentas, a labranza, a pescas, el ferro, a madera, os nomes cos que se describe el tempo, os animales, a comida, as festas... todo cuntao dende A Veiga y con un arte y úa precisión que namáis dan os anos de trabayo y dedicación qu' el autor lleva ás costas.*

O modelo das Normas da MDGA abéirase máis ao falado na zona B, a asturnegueiresa xa vista máis arriba (*no molín, el tou caldeiro taba chen de centén* etc), a fala eonaviega maioritaria demolingüística e xeograficamente. En troques, o modelo da Proposta do Principado achégase ao falado na zona C, a

baixonavega, a que presenta algúns e moi sobranceiros trazos lingüísticos en común co asturiano central (*illustraciois, lliteratura, lleva, llibros*) pero amais con morfoloxía e ortografía propias do asturiano: *y, trabayo, veyá, resultao, qu'agora, d'anos, con úas* etc.

Co revestimento gráfico desta *Proposta*, non oficial pero si oficiosa, desde a Oficina de Política Llingüística e desde a Xunta de Toponimia del Principau d'Asturies estanse a fixar as formas dos topónimos da zona galegófona. De maneira que hoxe nesta zona poden coexistir formas populares inalteradas, formas deturpadas pola presión do castelán e formas deturpadas pola presión do asturiano. Vexamos, por exemplo:

	Forma oficial (aínda)	Forma correcta e popular
Deturpación polo castelán	<i>Carbajal</i> (Navia) <i>Carbajales</i> (A Veiga)	Carballal Carballales
Deturpación polo asturiano	<i>Carbayal</i> (Castropol) <i>Carbayal</i> (Eilao)	Carballal Carballal
Formas populares conservadas	<i>Carballofalso</i> (Ibias) <i>Carballo del Cuito</i> (Ibias)	Carballo Falso Carballo del Cuito

#### 3.4. A Xunta de Toponimia del Principado de Asturias

A Xunta de Toponimia, equivalente á Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, foi creada en 1985 no seo da Conseyería de Cultura, pero non é ata o ano 2002 en que se regulan as súas funcións e protocolos de recuperación e fixación toponímicas. Está formada pola presidenta da ALLA, dous expertos en filoloxía asturiana, un representante do RIDEA (Real Instituto de Estudios Asturianos), un representante da universidade asturiana e dous cargos políticos, dos cales un é o responsable da política lingüística asturiana. A ALLA abandonou a Xunta de Toponimia por considerar que o traballo desta xa o realizara e publicara a Academia de la Llingua Asturiana en 2000: *Nomes de conceyos, parroquies, pueblos y llugares del Principau d'Asturies*.

Non hai nesta Xunta de Toponimia ningún experto en toponimia galego-portuguesa nin en toponimia propia do Eo-Navia. Este organismo oficial asturiano xa fixou a toponimia de varios concellos, entre eles o eonaviego de El Franco (2005), e nestes momentos traballa na fixación dos topónimos doutros concellos eonaviegos (Grandas de Salime e Ibias entre outros).

Debido á adopción das *Propostas* asturianizantes nunca oficializadas, A Xunta de Toponimia está consagrando oficialmente toda unha mouteira de asturianismos (e vulgarismos) gráficos na fixación de topónimos eonaviegos. Vexamos algúns exemplos:

- a) Emprego do grafema *y* en lugar de *ll* ou *i*: *Caleyá, El Caleyó, Cornayo, Payoza, Carbayal, Peruyeira, Busmayor, Conceyu d' Ayande, Conceyo d' Ibias, Caye A Fonte, Ayande* etc.
- b) Emprego do apóstrofo nos topónimos compostos: *A Veiga d' Eo, San Pedro d' Hío, San Pedro d' Agüeira, Vilanova d' Ozcos* etc.
- c) Eliminación case sistemática dos artigos –galegos–, en *(Os) Teixois, (As) Mestas, (Os) Pedrouzos, (A) Casía, (O) Castro, (Os) Boudois* etc., profusamente usados en textos turísticos, culturais e divulgativos.
- d) Usos de *b/v* á asturiana (ou á castelá) e non á galega: *San Cristobo, San Esteba, Viduedo, Berducedo* etc.
- e) Non se respecta o *-d-* intervocálico nas terminacións en *-ado*: *El Peneo, El Poblao, Montefurao* etc., e mesmo nunha ocasión conságrase unha hipercorrección: *Naraído* en lugar de *Naraío* (Santiso de Abres).
- f) Acentuación á asturiana: *Nadóu, Nogueiróu* etc.

- g) Incoherencias na haxiotoponimia: a Xunta e a ALLA recomendan *San Tiso* pero *Santantolín de Ibias*; ou teiman en fundir nasais: *Samartín*, *Samamede* etc.
- h) Consagración de vulgarismos tipo *Castripol*, *Bual*, *Carbueira*, *Abilleira*, *Pilliceira*, etc.
- i) Asturianizacións forzadas como *San Lluís* ou *San Chuís* no canto do autóctono *San Llouguís*.

Toda a presión que recibe a poboación sobre a toponimia eonavega fai que, por exemplo, no lugar chamado *As Mestas*, concello de Coaña, uns propietarios dun restaurante-sidraría denominen o seu local como *Les Mestes* (así, en asturiano central), nun intento de hiperasturianización artificial.

Esta “normalización” asturianizante é máis ficticia ca real, porque a inmensa maioría da rotulación viaria, documentación etc., segue aparecendo coa toponimia castelanizada. Sen embargo, entre os simpatizantes das linguas emerxentes estas “normalizacións asturianizantes” poden prender por simpatía. E poño exemplos: en libros editados en galego<sup>4</sup> nos últimos dez anos achamos *Chao Samartín*, *Tixeu*, *Picu da Mina* (en Bousoño, San Martín de Ozcos) ou *San Lluís*, en lugar dos autóctonos *Chao de San Martín*, *Teixedo*, *Pico da Mina* ou *San Llouguís*, aínda que o máis triste é que os libros galegos (e os medios de comunicación galegos) seguen consagrando as formas deturpadas polo castelán nos territorios exteriores de lingua galega: *Villanueva de Ozcos*, *Vega de Espinareda*, *Chano*, *Pereje*, *Vegadeo* etc. É imprescindible que na Galicia administrativa se coñeza e se utilice a toponimia verdadeira das zonas galegófonas asturiana, leonesa, zamorana ou extremeña, pois é unha maneira de lles axudarmos a normalizala.

---

<sup>4</sup> Por exemplo: Carballo Arceo, X. (2006): *Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado*, Vigo: Nigratea, ou Calo Lourido, F. (1997): *A cultura castrexa*, Vigo: A Nosa Terra.

Na *Enciclopedia gallega universal* da editorial Ir Indo os topónimos galegos de Asturias, Castela-León e Extremadura aparecen coa súa forma acastrapada. A casa editora non quixo poñelos na forma autóctona galega, e deste xeito contribuír ao coñecemento e difusión da forma verdadeira entre os galegos, argüíndo a razón de que as formas “normalizadas” non eran oficiais neses territorios. Por esta mesma razón moitos de nós non deberíamos ter empregado hai xa bastantes anos topónimos como Sanxenxo, Ourense, A Coruña,... e mais si o fixemos. Non teñen razón os que esgrimen “falta de oficialidade ou legalidade toponímica”, sobre todo cando esa dobre oficialidade vén recollida na *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, art. 10.2.g), documento que desde 2002 é parte integrante do bloque de constitucionalidade da lexislación española actual.

Na meirande parte dos casos faise isto porque a fronteira política está instalada nos cerebros de moitos galegos. Dous exemplos máis: os mapas dos Ancares e do Courel de Edicións do Cumio (2002) aparecen coa toponimia galega do lado de alá da raia administrativa aínda en castrapo. Ou mesmo nos mapas que aparecen nas axendas anuais de editoras e institucións galegas a toponimia galega exterior segue aparecendo unha e outra vez deturpada.

Nos medios de comunicación o panorama é tamén desolador: alteracións e castrapizacións por todas partes, mesmo nos medios en galego, onde se continúa coa inercia denominativa en castrapo para os topónimos galegos extra-autonómicos: na TVG falábase non hai moito dun derrubamento en *Pereje* (Perexe) ou dun accidente en *Santa Eulalia de Oscos* (Santalla de Ozcos); n’*A Nosa Terra* liamos hai pouco o relato dun ex-guerrilleiro que andara agochado no lago de *La Campañana* (Campañá) e no concello de *Borrenes* (Borrés), cando estes mesmos medios non teñen reparo ningún en difundir galeguizacións infrecuentes de topónimos como *Baraxas*, *Xetafe*, *Guadalaxara*, *Badaxoz* (en galego antigo *Badallouze*) ou *Aranxuez*.

### 3.5. A castrapización que non cesa

A auténtica deturpación toponímica da Asturias de lingua galega é, como podemos supor, a derivada da castellanización histórica. Os procesos de deformación toponímica son exactamente os mesmos que operaron en territorio galego administrativo, coa diferenza de que nestes territorios exteriores, por inexistencia de lexislación protectora (ou por descoñecemento desta) e de vontade política, persisten de maneira esmagadora as castrapizacións:

- a) Redución dos ditongos decrecentes<sup>5</sup> ou, *ei*: *Vega, Requejo, La Veguiña, Omente, Morentán, Uría, Ortiguera, Grandera, Figueras, Piñera, etc.*
- b) Adaptación fonética sistemática do fonema fricativo palatal xordo ao fricativo velar xordo do castelán: *Fojo, Seijas, Teijueira, Coruja, Vinjoy, Vijande, Teijois, Lijou, Villajane, Goje, Parajúa, Jarrio, Cereiyeira, Gestoso, Arandojo, Gío, Freijulfe,...*
- c) Adaptación/tradución case sistemática de terminacións
  - *-ana* en lugar de *-á*: *Marcellana, Quintana, Mezana, Solana,...*
  - *-ones* en lugar de *-ois*: *Mendones, Peirones,...*
  - *-ina(s)* por *-ía(s)*: *Cortinas, Serandinas, Figuerina, Vallina,...*
- d) Traducións parciais de topónimos compostos: *Chousavieja, Villarnovo, Villaláin, Puente del Porto, Valdebueyes etc.*

---

<sup>5</sup> Non sempre, pois acaron de formas deturpadas aparecen formas populares inalteradas: *Rubieira, A Vruiteira, Perulleira, Piñeira, etc.*



- e) Traducións totais de topónimos transparentes: *La Laguna, Sierra, Cabañas, Peña del Cuervo, Puentenueva, La Brañuela, El Llano..*
- f) Falsas segmentacións cos artigos: *Fuente de Louteiro* (Fonte del Outeiro), *La Zoreira* (A Azoreira), *La Viouga* (A Aviouga), *La Mabona* (Llamabúa)<sup>6</sup>
- g) Alteracións debidas a defecto de audición: *Taladrid* (Taladriz), *Cadanosa* (Candaosa), *Cedemonio* (Zaramoño), etc.
- h) Cambios inexplicables: *Viavélez* (El Porto)<sup>7</sup>.

Toda esta casuística xa nos resulta moi familiar en Galicia. Nosoutros xa vimos e vivimos esa película e estamos no camiño de superala despois de case cinco lustros de Lei de Normalización.

As actuacións para normalizar a toponimia galega en Asturias e póla na súa forma tradicional, como di a lexislación asturiana e recolle a lexilación europea, abalan entre a actitude irrespetuosa, vulgarizante e asturianizante das propostas de fixación da ALLA e as decisións máis respectuosas coa lingua mais con grafía asturianizante da Xunta de Toponimia do Principado. En calquera caso, as autoridades académicas asturianas practican un autismo científico nada beneficioso para o galego eonaviego.

### 3.6. *Danos colaterais: xentilicios e apelidos*

Os medios de comunicación asturianos, que tan poderosamente contribuíron á deturpación toponímica desde o

---

<sup>6</sup> O que nos fai acordantes do topónimo ancarés *Lama Ancha* e mais do limiao *Lama Má*, oficialmente durante moitos anos *La Mancha* e *La Mamá*.

<sup>7</sup> Localidade coñecida por ser o lugar de nacemento da escritora Corín Tellado, quen se reclamaba publicamente natural de Viavélez e nunca de El Porto.

castelán, publicitan agora moi timidamente as “novas formas autóctonas” en versión asturianizante. E coas novas formas dos topónimos novos derivados destes: os xentilicios, algúns autóctonos, verdadeiros, pero moitos outros “inventados” sen criterio nas redaccións.

Nos últimos vinte anos os xornalistas espallaron a moda de que cada topónimo debería ter o seu xentilicio, cando nin o 10 % dos topónimos teñen xentilicio correspondente e amais moitos deles son derivados de alcumes ou nomes festivos<sup>8</sup>. E dado que toda lingua ten as regras de derivación de seu, os filólogos coñecen maiormente os étimos dos topónimos e poderían “crear ou inventar” xentilicios con certo rigor. Nas redaccións da Galicia administrativa e fóra dela invéntanse xentilicios que coa difusión e reiteración diaria acaban triunfando entre as persoas que os len/escoitan; referímonos a despropósitos como: *buenenses* (de Bueu), *forcaricenses* (de Forcarei), *nicranienses* (de Nigrán), *lorentinos* (de Vilanova de Lourenzá), *agolenses* (de Agolada), *porteños* (de Porto<sup>9</sup> das Portelas) etc.

O Eo-Navia non escapa a esta moda, pero cunha diferenza: os xentilicios populares existentes –de fasquía galega– son normalmente substituídos por outros inventados con intención cultista ou castelanista. Así, por exemplo, os de Santiso de Abres e Santalla de Ozcos xa non son máis *santiseiros* ou *santalleiros*, agora son *santirseños* e *santalleles*, e nacen xentilicios como *veigueño*, *castropoleño*, *ozqueño*...por obra e graza da prensa escrita. A deturpación ou deformación dos xentilicios populares, así como a invención aberrante de xentilicios sen atender ao xenio e á tradición da lingua deberían ser tamén

---

<sup>8</sup> Un exemplo: en todo o concello de Sanxenxo só existen dous xentilicios: *lilainos*, os de Padriñán e Sanxenxo vila, e *ghatos* os de Portonovo.

<sup>9</sup> Dos catro concellos galegofonos de Zamora, só Porto ten xentilicio: *portexo*, para nada *porteño*, que corresponde ao Río da Prata (Arxentina). Para un concello portelao que ten xentilicio vai a prensa zamorana e múdallo “a la castellana”.

obxecto de estudo, denuncia e análise por parte do mundo académico en paralelo co estudo da toponimia<sup>10</sup>.

Un derradeiro tema que non quero deixar de tocar é o referente á onomástica de orixe toponímica. Se o topónimo está acastrapado é case seguro que acastrapado estará o apelido ao que deu lugar: *Vijande, Villanueva, Otero, Vinjoy* etc. En Galicia é posible agora “regaleguizar” *Seijas* en *Seixas*, *Vijande* en *Vixande*, *Otero* en *Outeiro*, *Villanueva* en *Vilanova* etc., pero en Asturias, aínda que en teoría nada o impide, na práctica resulta totalmente imposible. Deste xeito, por exemplo, a mesma vicepresidenta do goberno español D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Teresa Fernández de la Vega, oriúnda das ribeiras do Eo, aínda que quixera, teríao ben complicado para retomar o primitivo e auténtico apelido da súa familia materna: *da Veiga* (e non *de la Vega*), tal e como aparece aínda nalgúns documentos a principios do século XIX.

#### 4. Cabo

Quería rematada esta chamada de atención sobre a situación do galego no Eo-Navia, do que a toponimia é unha mostra ben visible, solicitándolles publicamente á Real Academia Galega, ao Consello da Cultura Galega e ao novo Goberno galego que poñan os medios para que se realicen estudos serios da toponimia das áreas lingüísticamente galegas fronteirizas e se promocionen desde os medios de comunicación e as editoriais galegas as formas toponímicas (e xentílicas) auténticas e autóctonas.

Polo de agora, se alguén quere ver un exemplo de mapas do galego exterior coa toponimia totalmente normalizada,

---

<sup>10</sup> Nas páxinas 95 e 96 do libro de Rodríguez Rodríguez, A. e Davila Ventura, M. (2004): *Lingua galega. Dúvidas lingüísticas*. Vigo: Universidade de Vigo, podemos achar unha relación bastante completa e acertada dos topónimos e xentilicios dos concellos estremeiros galegos. No documento que publicará proximamente Carlos Xesús Varela Aenlle sobre a toponimia eonaviega (2009) figura ao final un apéndice completísimo de xentilicios eonaviegos.

recoméndolle que visite a páxina web [www.cousas.tk](http://www.cousas.tk)<sup>11</sup> de Ramón Pais Pazos, o autor do primeiro mapa dos *Territorios de Lingua Galega* ou primeiro mapa completo da Galicia lingüística e cultural. Que prenda o exemplo.

### Bibliografía

- Academia de la Llingua Asturiana (2000): *Nomes de conceyos, parroquies, pueblos y llugares del Principau d'Asturies*. Uviéu: ALLA.
- Academia de la Llingua Asturiana (2006): *Informe sobre la fala o gallego-asturiano. Una perspectiva hestórica, social y llingüística*. Uviéu: ALLA.
- Asociación Abertal del Eo-Navia (2007): *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia*. Navia: SAEGAO.
- Asociación Abertal del Eo-Navia (2009): *Orientaciois prá escrita del galego de Asturias*. Vigo: ANL da Universidade de Vigo [edición en CD, no prelo]
- Babarro González, X. (2003): *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Cano González, Ana María (1980): "Los distintos bables de la región asturiana", en *Actas de la I Asamblea Regional del Bable*. Madrid: Editorial Nacional, 39-67
- Cano González, Ana María (1987): *Informe so la llingua asturiana / Rapport sur la Langue asturienne*. Uviéu: ALLA.
- Cano González, Ana María (1992): "Asturiano: evolución lingüística interna", en Holtus, G., Metzelsin, M., e Schmitt, Ch. (eds): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen: Max Niemeyer, 652-680.
- Comisión de Toponimia Asturiana (1985): *Conceyos y parroquies d'Asturies*. Uviéu: Consejería de Educación, Cultura y Deportes.

---

<sup>11</sup> [http://usuarios.lycos.es/aureano/galiza\\_irredenta.htm](http://usuarios.lycos.es/aureano/galiza_irredenta.htm) e  
...../galego\_caceres.htm

- Costas González, Xosé Henrique (2005): "Notas sobre o informe do Comité de expertos do Consello de Europa: 'A aplicación da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias en España*'", *A Trabe de Ouro* 63, 417-428.
- Costas González, Xosé Henrique (2007): "Análise sobre a situación do galego no Eo-Navia, O Bierzo, As Portelas e o Val do Ellas", *Longalingua* 11, 14-25.
- Fernández Braña, B. *et alii* (1990): *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*. Eilao: MDGA.
- Varela Aenlle, C. X. (2000): *Toponimia del Eo-Navia*. Eilao: MDGA.
- Varela Aenlle, C. X. (2009): "Repertorio toponímico da nosa terra Eo-Navia", documento en formato pdf incluído no CD *Lingua e literatura galegas de Asturias*. Vigo: ANL da Universidade de Vigo [no prelo].
- VVAA (1992): *Geografía de Asturias*, vol. II. Oviedo: La Nueva España.